



CONCELLO DE R A M I R A S

IF : P3206900G
Tf. : 988 491523
Fax : 988 478604
E-mail: concello.ramiras@eidolocal.es

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás –Ourense

BASES DE SELECCIÓN DE DOUS TRABALLADORES/AS PARA PEÓN (APROL RURAL) E CREACIÓN DE BOLSA DE TRABAJO

1. OBXECTO DO CONTRATO. O obxecto das presentes bases é regular a contratación temporal de tres traballadores/as, coa categoría de operario PEÓN para a prestación de tarefas de silvicultura, xestión da biomasa, limpeza de montes ou outras tarefas de valorización forestal.

2. NATUREZA DO CONTRATO. A natureza dos contratos será de duración determinada a tempo completo, vinculados a programas de activación para o emprego, para a mellora da ocupabilidade e para a inserción laboral ao abeiro da lexislación vixente (Disposición final 2ª do RD Lei 32/2021) iniciándose a prestación desde a data da sinatura do contrato ou a alta de dito contrato.

3. RÉXIME XURÍDICO E PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN. A relación rexerá pola lexislación laboral sendo de aplicación o Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e na transformación do mercado de traballo.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES. Para tomar parte no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de presentación das ofertas pechadas na correspondente oficina de emprego:

- a) Estar inscrito como demandante de emprego na Oficina de emprego correspondente.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter cumprido a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- d) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.
- e) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo. Os recollidos no artigo 14 da ORDE do 7 de xaneiro de 2022 para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural).



5. DURACIÓN. A contratación terá a duración que se indica para cada posto, a xornada completa (100 %) baixo a modalidade de contratos vinculados a programas para a activación para o emprego, a dicir:

3 operarios - categoría peón forestal-;

Duración do contrato: 9 meses.

Período de proba de 1 mes.

No caso das contratacións que se realicen ao longo do período de duración do contrato entre os candidatos que conformen a bolsa de traballo aplicarase a modalidade contractual laboral de duración determinada por substitución de persoa para a cobertura de baixas temporais. A bolsa de emprego ten a mesma duración que o período da contratación.

6. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN. Os/as interesados/as poderán presentar as súas solicitudes no prazo de tres días hábiles no rexistro do Concello de Ramirás (O Picouto, s/n) en horario de 09:00 a 14.30 horas, de luns a venres, dende o día seguinte á publicación da lista de admitidos no Taboleiro de Edictos.

A instancia pola que se solicite participar na convocatoria, na que os aspirantes deberán manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas, referidas sempre a data da expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias, dirixiranse ao alcalde e presentaranse no Rexistro Xeral do concello ou en calquera dos lugares previstos no artigo 16 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Neste último suposto e dada a urxencia na contratación deberá adiantarse a solicitude a través do fax 988 478604.

Se o último día é inhábil, o prazo finaliza o seguinte hábil. As solicitudes axustaranse ó modelo normalizado que se porá á disposición dos interesados nas dependencias do Concello.

No caso en que se opte por presentar a solicitude ou calquera outra documentación que se achegue nas distintas fases do procedemento ante unha oficina de Correos, farase en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de Correos antes de ser certificada, segundo establecido no artigo 31 do Real decreto 1829/1999, do 3 de decembro, polo que se regula a prestación dos servizos postais. Tamén neste caso se fará a comunicación por fax de acordo co previsto no apartado anterior.

7. DOCUMENTACIÓN.

A cada solicitude o/a candidato/a xuntará a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do DNI ou, se é o caso, documento equivalente expedido pola autoridade competente do país de orixe.
- b) Declaración de non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño do posto de traballo, así como que reúne as condicións físicas necesarias para o desempeño do posto de traballo. Así mesmo, declaración de non estar separado/a mediante expediente disciplinario algún do servizo das Administracións Públicas, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- c) Relación de méritos que alega e a documentación xustificativa de cada un deles.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados ou aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.



8.CRITERIOS DE SELECCIÓN.

A selección do persoal será conforme indica o artigo 14 da ORDE do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural):.

Artigo 14. Requisitos e criterios para a selección dos traballadores e das traballadoras

1. Os traballadores e as traballadoras que se contraten para a realización das obras e servizos e polos/as que se outorgue a subvención deberán ser persoas desempregadas rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo de duración determinada vinculado a programas de activación para o emprego.

Será a entidade beneficiaria da subvención a responsable de comprobar que no momento do inicio da relación laboral a persoa seleccionada estea rexistrada na oficina de emprego como demandante non ocupada dispoñible para o emprego.

2. Os traballadores e as traballadoras que fosen contratados, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2022 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde, salvo en concellos rurais de menos de 2000 habitantes (Padrón municipal de habitantes 2021. IGE)

3. As entidades beneficiarias da subvención solicitarán os traballadores e as traballadoras que necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego, nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os traballadores e as traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, debendo presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO), de conformidade cos seguintes principios xerais:

a) A oferta, na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda os criterios preferentes establecidos no número 5 ou se traten de favorecer aos colectivos enumerados en leste.

b) En ningún caso poderá incluírse nin admitirse como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral.

c) Poderán admitirse como criterios de emparellamento os relativos á titulación, formación e outro tipo de coñecementos, sempre que estean xustificadas no expediente de solicitude e sexan coherentes coa resolución de concesión.

d) As entidades locais deberán presentar as ofertas cunha antelación mínima de 15 días hábiles na data prevista para realizar as correspondentes contratacións na oficina pública de emprego que corresponda á dirección do centro de traballo do posto ofertado.

4. Recibida a oferta, realizarase unha sondaxe de demandantes en función das características dela atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado, proporcionando, de ser posible, o número de persoas candidatas por posto de traballo que solicite a entidade beneficiaria, que en ningún caso poderá ser inferior a dous nin superior a dez. A remisión de novas persoas candidatas só procederá cando a entidade xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta ou por rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos remitidos.



5. Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, se é o caso, aqueles que previsen a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional, tales como:

- a) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.
- b) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.
- c) Persoas paradas de longa duración.
- d) Persoas con discapacidade.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia, ou as persoas trans.
- h) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

6. Excepcionalmente, despois de solicitude debidamente xustificada por parte da entidade solicitante e despois de autorización expresa da persoa responsable da respectiva xefatura territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, poderán utilizarse ofertas especiais con vinculación nominal cando se trate de seleccionar integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, condición que se acreditará mediante as correspondentes certificacións ou informes elaborados polos traballadores ou traballadoras sociais, se é o caso. As persoas seleccionadas polo procedemento descrito neste número deberán, en todo caso, cumprir os requisitos establecidos polos apartados 1 e 2 deste artigo.

7. As persoas candidatas serán remitidas á entidade beneficiaria co fin de que esta realice a selección definitiva, que lle deberá ser notificada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.

9. FASE DE CONCURSO Establécense os seguintes criterios específicos:

1.-Terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, no seu caso, aqueles que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción profesional.

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero. Por ser muller 0,25 puntos e 1,75 puntos máis se é vítima de violencia de xénero. Máximo 2,00 puntos.
- b) Demandantes de emprego menores de 30 anos, 1,00 punto, con incremento as persoas demandantes do primeiro emprego, con 0,50 puntos. Máximo 1,50 puntos.



c) Persoas paradas de longa duración:

Parados cunha duración de 1-3 anos 0,15 puntos

Parados cunha duración de 3-7 anos 0,25 puntos

Parados cunha duración de 7-10 anos: 0,50 puntos

Máis de 10 anos: 0,75 puntos

d) Persoas con discapacidade superior ao 60%. 1 punto.

e) Persoas desempregadas que esgotasen o subsidio por desemprego ás que tivesen dereito e calquera outro tipo de prestación.

No último ano: 0,25 puntos

Nos últimos 2 anos: 0,50 puntos

Que nunca tiveran dereito: 1 puntos

f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

De 45 a 50 anos: 0,25 puntos

De 50 a 55 anos: 1,00 puntos

De 55 a 60 anos: 1,50 puntos

De 60 anos en diante: 2,00 puntos

g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia, ou persoas trans: 0,15 punto.

h) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España, que non estiveran cobrando subsidio por desemprego: 1,75 puntos.

2.-Así mesmo, terase en conta a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, o/a parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. Previa acreditación documental. Puntuación máxima 1,00 punto.

3. Estar en posesión do Permiso de condución. 1,00 puntos.

4. Dispoñibilidade horaria para traballar a quenda partida: 1 punto. A dispoñibilidade horaria acreditarase mediante a presentación dunha declaración asinada polo candidato.

En caso de empate, dirimirase atendendo aos seguintes criterios: Atendendo, en primeiro lugar, a maior puntuación no apartado de colectivo con especial dificultade, en segundo lugar, a maior puntuación no apartado de responsabilidades familiares. De persistir o empate, terán preferencia as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Con motivo das dificultades ocasionadas pola pandemia COVID-19, á hora de aportar datos por parte dos candidatos, para a acreditación dos méritos, tomaranse como válidos os datos facilitados polo Servizo Público de Emprego, as declaracións responsables efectuadas polos candidatos e demais documentos que acompañen ás solicitudes feitas polos candidatos.

DECLARACIÓN RESPONSABLE: A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable, a documentación que sexa no seu caso requirida para acreditar o cumprimento do declarado, ou a comunicación, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou actividade afectada desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbese lugar.



Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obrigaón do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ou ao exercicio do dereito ou ao comezo da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado pola lei, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.

10.ACREDITACIÓN.

- a) Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero. DM e/ou aquela que acredite ser vítima de violencia de xénero.
- b) Demandantes de emprego menores de 30 anos, demandantes de primeiro emprego e sen cualificación. DNI, vida laboral e títulos ou certificados de estudos do mais alto nivel de que dispoña.
- c) Persoas paradas de longa duración. Informe da situación laboral da Oficina de Emprego.
- d) Persoas con discapacidade. Certificado de minusvalía.
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego ás que tivesen dereito. Informe de prestacións.
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos. DNI.
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia. Informe de servizos sociais.
- h) Existencia de responsabilidades familiares. Libro de familia, Certificado de convivencia, discapacidades, etc..

11.TRIBUNAL DE SELECCIÓN. O órgano de selección será colexiado e rexerese polo disposto pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público. O tribunal será designado por resolución da Alcaldía de acordo co disposto no artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Segundo o mesmo artigo 60, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, os que se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria e ao disposto na Orde da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural), quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

12. PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN. Remitada pola Oficina de Emprego a correspondente lista de candidatos preseleccionados, o Sr. Alcalde, publicarase a lista de admitidos no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na Sede Electrónica Municipal xunto coa composición do tribunal, con indicación de data, lugar e hora da valoración dos/as candidatos/as. As cualificacións do persoal publicaranse no Taboleiro de anuncios e facilitaranse por teléfono, e-mail ou persoalmente. O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda mediante decreto, que será publicado segundo o establecido no artigo anterior. O persoal que non se contrate pasará a formar a bolsa de emprego.

13.BOLSA DE TRABAJO. Entre os candidatos admitidos e non seleccionados farase unha bolsa de traballo ordenada pola puntuación obtida para a cobertura das vacantes que se produzan nos postos de traballo da mesma categoría profesional polo tempo de duración do contrato por causa dalgunha das seguintes circunstancias:

1. Baixa por IT.



2. Non superación do período de proba.
3. Resolución do contrato.
4. Outras causas semellantes xustificadas.

13.1. Procedemento de chamamento. O chamamento das persoas integrantes da bolsa de traballo, realizarase por estrita orde de clasificación definitiva. As persoas candidatas relacionadas na Bolsa manteranse sempre no mesmo posto e coa mesma puntuación ata a próxima actualización de méritos, agás o establecido no apartado 13.2. e 13.3 das presente Bases.

O chamamento realizarase vía telefónica. A comunicación efectuarase segundo as seguintes fórmulas:

1. Chamada telefónica entre as 9:00 e as 14:00 horas
2. Chamada telefónica entre a 9:00 e as 14:00 horas do seguinte día hábil.

A realización dos chamamentos na forma indicada, requirirá que as persoas aspirantes teñan facilitado nas súas solicitudes de participación no proceso o número de teléfono; no caso de consignar máis dun número de teléfono deberá especificar un orden de preferencia.

A aceptación da oferta, efectuarase por vía telefónica, antes das 12 horas do primeiro día hábil seguinte ao do chamamento.

Transcorrido o dito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase rexeitada. En caso de urxente necesidade, as dúas chamadas telefónicas realizaranse no mesmo día entre as 9:00 e as 14:00 horas, sendo obrigatorio que a aceptación da oferta se realice no mesmo momento no que se produce o chamamento. En calquera caso, de non ser posible a comunicación ou non contestar á mesma no prazo indicado, pasarase ao seguinte aspirante. No expediente administrativo correspondente deberá constar dilixencia da persoa que realiza os chamamentos, na que se reflicta a data, hora/s das chamadas telefónicas, así como a resposta que se recibiu. Para a correcta localización dos candidatos, os integrantes da bolsa están obrigados a comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado. Pola contra quedarán ilocalizados o que daría lugar a exclusión da bolsa. Obtida a conformidade do interesado a quen corresponda o posto, procederase a súa contratación laboral deixando constancia no expediente dos cambios que como consecuencia do chamamento se produzan na correspondente lista. As persoas integrantes da bolsa que fosen contratadas para a cobertura de posibles interinidades, volverán ocupar a posición que lles correspondese nela unha vez finalizada a súa contratación, sendo chamados para posteriores contratacións, por orde de puntuación. No caso de que algún integrante da bolsa se atopase desenvolvendo un contrato de interinidade para a cobertura dun traballador desta bolsa, poderá ser informado das posible melloras de contrato que xurdan nese período e elixir a que estimen oportuna.

13.2. Renuncia e suspensión de chamamentos. No caso de que o interesado renunciase ao contrato ou chamamento ou non atendese ao chamamento, pasará ao último posto da lista, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas nos que se producirá a suspensión dos posteriores chamamentos mantendo o seu posto na lista e que son:

- Estar traballando no momento de ser chamado, debendo achegar copia do contrato de traballo. Estar en situación de incapacidade temporal derivada dunha enfermidade, accidente de traballo ou baixa maternal, con comunicación da baixa debendo achegar documentación acreditativa da situación.
- Calquera outra causa, de entidade suficiente, que se considere oportuna a criterio da Alcaldía.

Nestes casos será necesario achegar o correspondente xustificante nun prazo non superior a 5 días hábiles desde que se produce o chamamento telefónico. A non remisión do documento que acredite a xustificación de devanditas causas, suporá a cualificación de rexeitamento inxustificada e pasar ao final da lista. A suspensión dos chamamentos manterase ata que a persoa interesada comunique a súa dispoñibilidade alegando o fin da causa que motivou a suspensión. A tal efecto a persoa interesada deberá presentar solicitude de reposición dirixida á Alcaldía.

13.3. Exclusión. Serán causas de exclusión dun integrante da lista:

- Renuncia expresa a formar parte da lista.



- Non presentación dentro do prazo fixado a aceptación do posto de traballo sen causa xustificada.
- Non comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono sinalado dando lugar a súa ilocalización.

- Renuncia a continuidade no desempeño dun posto de traballo unha vez que foi contratado.
- Separación do servizo por sanción disciplinaria e/ou despido declarado procedente.
- O rexeitamento sen causa xustificada dun posto de traballo en tres ocasións.

14.RETRIBUCIÓN. O salario base mensual máis o rateo das pagas extras do/a traballador/a será de 1.260,00 €.

15.CONTRATACIÓN. Os/as candidatos/as seleccionados/as serán contratados mediante Decreto da Alcaldía, sendo obxecto de publicación no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e da Sede electrónica municipal. As contratacións que se realicen sobre a bolsa de traballo realizaranse por Decreto da Alcaldía e publicaranse na Sede Electrónica Municipal.

16. RECURSOS. As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo poderán ser impugnados polos interesados utilizando os medios previstos na Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común.

En Ramirás, na data da sinatura electrónica
A Alcaldesa,

Asdo.: Isabel Gil Álvarez

